

Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia.
Sr. Delegado do Goberno.
Sr. Alcalde de Santiago de Compostela.
Señoras e señores Conselleiros en funcións.
Autoridades e representacións.
Miñas donas, meus señores.

1.- TEMPUS FUGIT.

Tempus fugit, os días voan, e pasou un ano desde que moitos de nós nos axuntamos aquí co gallo do Día de Galicia. No transcurso dese ano teñen ocorrido moitas cousas boas para Galicia. A máis importante e recente delas foi a celebración pacífica e ordenada dunhas eleccións ao Parlamento Autonómico.

Todas as eleccións autonómicas celebradas ata agora desde 1981 gañounas o Partido Popular de Galicia obtendo un ou uns poucos parlamentarios más que os seus opositores, e acadando así a nominación da Presidencia da Xunta. Estas últimas eleccións tamén as gañou o Partido Popular, pero quedou un escano por debaixo da maioría absoluta. O Partido Socialista e o Bloque Nacionalista, en troques, suman a metade más un dos parlamentarios, o que lles permite designar presidente outra persoa. Iso obrígame a facer retrospectiva dos dezaseis anos da miña administración, e non só do último; e a lle dar a benvida ao novo administrador da causa pública que haberá de presidir esta conmemoración no futuro.

Se tivese que expresar nunha única idea o que considero que foi a miña achega como responsable do Goberno da Xunta, expresaría así:

Hoxe, case todos os galegos se autoidentifican como membros dunha comunidade culturalmente diferenciada, pero plenamente integrada en España e na Unión Europea; dunha comunidade asentada en parte en América e solidaria con todos os países do mundo; dunha comunidade que cre nas súas propias posibilidades de desenvolvemento e de benestar.

Hoxe, case todos os galegos confiamos en nós mesmos, respectamos as nosas institucións autonómicas, e proxectamos cara ao futuro o noso éxito e o noso progreso dunha forma cooperativa e solidaria co proxecto histórico común de todos os españois.

Coido que ese obxectivo se ten acadado. E iso, por moitos motivos.

Porque os responsables da administración galega non utilizamos as posibilidades do autogoberno e as institucións autonómicas para fomentar o confrontamento, a insolidariedade, a división, nin o vitimismo disgregador.

Porque exercemos a responsabilidade de gobernar gardando lealdade institucional, e buscando a concordia, o diálogo e a integración.

Porque administramos coa mira principal posta en resolverlle á xente os seus problemas, os vellos e os novos.

Porque perseguimos a meta de incrementar o benestar e a calidade de vida de todos os cidadáns.

E en fin, porque traballamos para lles legar ás xeracións próximas unha terra con moitas más e mellores oportunidades que as que tiveron os nosos antecesores, cando a emigración era a saída case inevitable.

O fío condutor da miña vida política enlazou sempre dous grandes principios: o *reformismo* e o *institucionismo*. A convicción de que todo ordenamento xurídico e toda programación política necesita experimentar unha reforma pausada e continua. E a confianza no papel esencial que lles toca ás institucións políticas de equilibrar os grupos e impedir as desigualdades intolerables. Con esos principios gobernei Galicia estes tres últimos lustros.

Tiña un proxecto cando optei por vez primeira á Presidencia da Xunta: planificar e executar unha Galicia mellor cá que atopaba, unida a unha España máis forte, adherida a unha Europa máis integrada, e vinculada máis firmemente que nunca antes cos países fraternos de Iberoamérica. Coido que aquel proxecto se ten realizado en boa parte. E penso que a parte que falta é agora máis accesible que daquela, porque están sentados os alicerces sobre os que se pode edificar. Sen dúbida que son agora máis sólidas as posicións desde as que se poden afrontar os retos sempre novos que traen as mudanzas dos tempos.

Pensando nesas mudanzas, fago votos para que o próximo presidente da Xunta poida realizar ese proxecto dunha Galicia máis próspera.

Oxalá acade o maior éxito posible no exercicio das súas funcións de administrar o ben común de todos os galegos, para ben de Galicia. E oxalá acerte na tarefa esencial, que é a de procurar a concordia e disuadir a discordia entre os cidadáns. Porque esa é nestes momentos a cuestión crucial que sufoca a España e tamén a Galicia.

O feito de que as dúas opcións básicas de dereita e esquerda dividan pola metade aproximadamente aos nosos pobos non é malo de seu. Garante a alternancia democrática e encánaa ademais sen vitorias heroicas, nin derrotas épicas: e iso é bo.

Pero tamén opón dificultades ao labor ordinario de goberno, cando os gobernantes miran máis a combater os seus opositores que a servir a xente. Entón, a lexítima crítica do poder radicalízase, transformando a necesaria distinción de programas de administración, en división e confrontamento social. Oxalá que o novo presidente da Xunta acerte nesta misión que os que agora cedemos a responsabilidade do goberno procuramos atender coa maior seriedade. Pola nosa parte, chegado o caso, a oposición farase gardando escrupulosa lealdade ao país e ás institucións estatutarias.

Tivo lugar a votación, a loita electoral débese pechar, ata dentro de catro anos. Agora é o tempo de traballar todos a prol do desenvolvemento e a prosperidade de Galicia. Hai que acatar o veredicto das urnas, sexa contrario, sexa favorable aos propios plans. Así o fixen sempre, eu que sufrín derrotas electorais dabondo ao longo da miña vida. A razón diso é que acato a forza normativa dos feitos, convencido como estou de que a realidade é a que manda sempre o que hai que facer.

E a realidade manda nesta concxuntura que, mentres non tome posesión do cargo o novo presidente, a carga da presidencia ten que ser desempeñada polo presidente en funcións. Neste contexto, a Providencia dispón que eu presida unha vez máis a festa da entrega das Medallas de Galicia. Esa é unha das poucas cargas gratas que ten este oficio. E vou cumplir con ela co mesmo ánimo con que o fixen por primeira vez. Así pois, obedecerei o mellor posible o mandato bíblico (*Eccli. 44, 1*) *laudemus viros gloriosos*, alabemos as persoas ilustres.

2.- LAUDEMUS VIROS GLORIOSOS.

Comprácheme, en primeiro lugar, facer o eloxio que merecen as persoas e institucións condecoradas coa *Medalla de Ouro de Galicia de 2005*.

A outorgada a D. Santiago REY FERNÁNDEZ-LATORRE premia o labor desenvolvido na presidencia de *La Voz de Galicia*, un xornal con 123 anos de servizo a Galicia e que, co liderado e a independencia de Santiago Rey, non só se converteu en hexemónico aquí, senón nun dos poucos xornais españois que superan a mítica barreira dos cen mil exemplares. *La Voz* ten contribuído de xeito eficaz á vertebración de Galicia, á difusión da nosa cultura e á reivindicación dos nosos dereitos. Moitas grazas, Santiago, pola túa defensa do *Plan Galicia*.

A *Medalla de Ouro de Galicia* outorgóuselle tamén este ano ao REAL CORO TOXOS E FROLES. Esta coral, por mor do compromiso secular que mantén co folclore galego, evitou o esquecemento de moitas cántigas, composicións corais, e instrumentos, e impidiu a perda doutras artesanías populares tradicionais, como as das cantareiras, e as palilleiras.

E a *Medalla de Ouro* outorgada a título póstumo a D. Agustín SIXTO SECO pretende honrar a memoria do Doutor que foi en vida amigo de todos nós. Mereceuna cando menos por dous motivos: polo agarimo con que atendeu como médico cirurxián a miles de galegos; e por terse posto á fronte de boa parte das iniciativas orientadas á defensa da cultura do país que agromaron en Galicia na segunda metade do século pasado. Nelas empresas investiu tantos cartos e dedicacións como algún día se computará. Foi un dos grandes e xenerosos, e gózome verdadeiramente co seu enxalzamento nesta data. O único que lamento é que el me forzase a atrasar este premio ata despois do seu pasamento. En paz estea.

Polo que respecta ás *Medallas de Prata de Galicia de 2005*, estes son os méritos que motivaron a concesión en cada caso, e limítome a mencionar só o principal.

A D. Fernando ÁLVAREZ LAMELAS outorgóuselle por ter mostrado en Europa e América a capacidade dos galegos no campo da enxeñaría industrial.

A D. Emilio ATRIO ABAD, polos servizos que prestou ao pobo galego como Decano do Colexio de Avogados de Ourense, e como presidente do Consello Social da Universidade de Vigo.

A D. David CAL FIGUEROA, polas medallas de ouro e prata acadadas na Olimpíada de Atenas de 2004, sendo o primeiro galego en obter tal honor olímpico.

A D. Ramiro CARREGAL REY, por ter multiplicado a industrialización na Comarca da Barbanza, e por ter comercializado os conxelados do *Grupo Frinsa* por toda a Unión Europea.

O CENTRO DE INTERPRETACIÓN AVIFAUNA de Outeiro de Rei recíbea polo labor que cumple de protección, conservación, investigación e divulgación da avifauna galega.

O COLEXIO DÁ GRANDE OBRA DE ATOCHA, recíbea polos servizos educativos e asistenciais prestados á xuventude marxinada coruñesa desde que o fundara don Baltasar Pardal Vidal en 1923.

E o COLEXIO SANTIAGO APÓSTOLO DE BOS AIRES, primeiro centro educativo que imparte oficialmente materias curriculares galegas fóra de Galicia, pola defensa da cultura galega que realiza entre a poboación porteña.

A D. José CUSÍ FERRET, polo longo labor desempeñado no campo do deporte, labor que vén sendo factor decisivo dos éxitos de Galicia e do protagonismo dos seus regatistas nos grandes eventos da vela mundial.

A D. Carmelo LISÓN TOLOSANA, polos seus estudos sociolóxicos da antropoloxía cultural de Galicia, e pola súa contribución á fixación dos perfís simbólico-morais da cultura galega.

A D^a. Milagros OTERO PARGA, por ter artellado unha frutífera cooperación con múltiples Universidades Iberoamericanas durante o seu brillante mandato como primeira muller Decana da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.

A D. Juan Carlos RODRÍGUEZ CEBRIÁN, polos relevantes méritos con que serviu á economía galega dentro do grupo *Inditex*, en todas as áreas da empresa.

A D. José SEOANE SEOANE, pola xenerosidade con que colabora coa asociación *Xuventude de Galicia e Centro Galego de Lisboa*, e iso cunha longa entrega persoal, e un xeneroso mecenado.

E agora aludo brevemente aos méritos dos cidadáns e das institucións que foron agasallados coas *Medallas de Bronce de Galicia de 2005*:

D. Gerardo ARIAS GONZÁLEZ foi premiado polos constantes servizos prestados ás asociacións galegas en Alemaña.

D. Eugenio BASANTA CURBERA, polos servizos administrativos e políticos prestados á mellora da vivenda en Galicia e particularmente na provincia de Lugo.

D. Jorge BALIÑA SABUCEDO, polo valor acreditado comandando misións de paz en Mozambique, Angola, Timor Oriental, Israel e Liberia.

D. Luis Ignacio BONÉ CALVO, Cónsul Xeral de España en Montevideo, por ser o gran valedor das colonias galegas asentadas no Uruguai.

A CÁRITAS DIOCESANA DE OURENSE, pola axuda caritativa prestada por esta institución desde 1962 ás persoas pertencentes aos colectivos máis desfavorecidos na provincia de Ourense.

D. Manuel FAIRÉN SANZ, Cónsul Xeral de España en Bos Aires, por ser o gran valedor dos galegos establecidos na República Arxentina.

D. Enrique FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, polo amplio mecenado levado a efecto desde 1984 na localidade da Proba de Burón, na Fonsagrada lucense.

D. ESTANISLAO FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA, pola súa achega científica sobre a biodiversidade de Galicia, en particular na Ría de Vigo e no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

D. Rafael GIL MALVIDO, polos servizos prestados en Arxentina desde fai medio século, como ex-presidente da *Unión de Asociacións Galegas da República Arxentina* e agora como presidente do *Fogar Galego para Anciáns de Domselaar*.

Ao FOGAR DE RIBADUMIA EN BOS AIRES, por levar preto dun século mantendo unidos os emigrantes do seu contorno arredor dos valores culturais distintivos de Galicia.

D. José IGLESIAS GONZÁLEZ, prateiro, que vén sendo unha encarnación humana da compostelá Praza das Praterías.

D. José Benito LÓPEZ CARBALLEDO, polos servizos extraordinarios que presta na súa condición de presidente da *Sociedade Española de Beneficencia Hospital Español de Bos Aires*.

Dª. María LÓPEZ MURADÁS, polo excelente labor de difusión da lingua e cultura galega que realiza en Francia, na rexión dos Midi-Pyrénées.

Dª. Obdulia RENDO RODRÍGUEZ, en recoñecemento pola solidariedade e hospitalidade con que acolle os peregrinos que chegan polo Camiño Francés ao *Albergue de Arca O Pino*.

D. Manuel RODRÍGUEZ MANEIRO, para premiar a dedicación e responsabilidade desenvolvida como historiador de Galicia, e particularmente da cidade da Coruña.

Dª. María Teresa RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, polos servizos prestados á lingua e a cultura galega como presidenta do *Lar Galego de Sevilla*, e da *Federación de Casas Galegas de Andalucía*.

D. ROGELIO UCHA ALONSO, para aplaudir a un grande empresario que leva realizado un continuo traballo a prol da colectividade galega en Arxentina.

D. Benito VÁZQUEZ GARCÍA, en recoñecemento pola súa decisiva achega persoal á modernización da agroindustria na Comarca do Salnés.

D. Óscar VILLAR DÍAZ, para agradecer a importante achega que ten feito á dirección coral, á educación musical da mocidade, e á musicoterapia.

Finalmente, as medallas concedidas a título póstumo a D. Eduardo GONZÁLEZ VAL, D. Juan Carlos DEL REAL GAMUNDI, e D. José Luis VEIGA INFANTE, descansen en paz, teñen a mesma causa e finalidade: honrar os tres homes que arriscaron e perderon a súa propia vida por intentar salvar a da súa compaÑeira de traballo dona Belén PAZ.

Felicítovos a todos de todo corazón. Levades un honor que poucos locen e que moitos arelan. Facédevos tan dignos destas Medallas de aquí en adiante, mentres Deus vos preste vida, como o sodes agora. E *carpe diem*, gozade do presente, como quería o poeta HORACIO.

3.- DIES FESTUS

Hoxe é *dies festus*, o día da festa de Galicia. Protagonizar unha festa como esta, en que se trata de honrar publicamente a institucións, mulleres e homes, egrexios por tantos motivos diferentes, e dignos todos eles, é un dos privilexios que depara o oficio político e que hoxe me enche de ledicia.

Prégovos por iso a todos os presentes que compartades comigo e cos condecorados esa ledicia, e a alegria propia dunha festa, porque se hoxe celebramos esta ceremonia é precisamente porque hoxe é o *Día de Galicia*, o Día de Santiago.

Dediquémoslle un agarimo, porque el é o noso defensor na brega polo benestar na terra; e tamén o noso avogado para o xuízo derradeiro. A Santiago nos acollemos entón hoxe, confiados, como CASTELAO, na súa "man dereita en postura de abenzoar a Cristiandade, perdoando todos os pecados que poidamos cometer".

Honremos a Santiago celebrando esta festa civil con espírito relixioso, porque así se ten celebrado secularmente. Pois probablemente estas festas de fin de xullo son a cristianización doutras célticas previas, tamén relixosas. Refírome ás festas dedicadas ao deus Lug, de tanto arraigo entre nós: ora agachado tras o nome de San Lucas; ora simbolizado nos corvos de San Vicente; ora representado no Santiago Matamouros ou Mataxigantes, e tamén no San Xurxo Matadragóns ou Matadiaños.

E honremos a Galicia da mellor forma posible, que é declarando ou reiterando o compromiso de defendela e enxalzala, sempre que sexa necesario, tal que fixeron tantos dos nosos antecesores bós e xenerosos.

Polo tanto confirmemos con Salvador GOLPE o noso "profundo vínculo de amor a Galicia".

Prometamos con Antón LOUSADA DIÉGUEZ "dirixir os nosos esforzos a sermos cada vez más galegos na cultura e no sentimento".

Xuremos con Xoán RODRÍGUEZ CABRERO "cumprir como galegos ben nados co sacro deber de laborar polo bo nome da pequena patria".

Mobilicémonos con Eduardo ROSÓN para "loitar ata acadar unha Galicia próspera e venturosa".

Busquemos con Florencio CERVIÑO que "a doce e tenra Galicia destaque entre as rexións españolas más avanzadas".

Atopemos con Enrique RAJOY LELOUP "o ben xeral da amada Galicia, nosa nai".

Que Deus e mailo Apóstolo nos axuden a conseguilo, e a verificalo de hoxe nun ano, cando esta festa e ceremonia sexa convocada e presidida por quen corresponda.

E agora, despois que cantemos unha vez máis o himno galego, convídovos a unha cunca de viño.

Dixen.